

GRUPO DE TEATRO DA ASOCIACIÓN CC TERRA DE OUTES



Historia do grupo de teatro:

O grupo de teatro da Asociación Cívico Cultural "Terra de Outes" do concello de Outes naceu en Xaneiro de 2023, despois dunha proposta de dúas persoas veciñas do concello, membros da asociación e participantes doutros colectivos teatrais, vendo a eiva cultural no campo da escena teatral no concello e co afán de construír unha nova ferramenta de atracción dinamizadora e unificadora da vida cultural, e non só, do concello de Outes. Tentamos, desde un primeiro momento, recadar e involucrar toda a xente posíbel do propio concello, acadando ao final unha alta porcentaxe de participación local.



Obra actual -*Comedia Bífida* de Manuel Núñez Singala-

Orixe:

A lingua galega leva décadas en evidente retroceso, -basta ver os últimos inquéritos do INE- e socialmente continúa nun declive de prestixio, atenuado no tempo, mais declive, cuanto á transmisión vinculada ao estatus social.

A todo isto cómpre sinalar a mingua constante de calidade idiomática, cada vez máis influenciada polo castelán, síntoma de factores argumentábeis desde a óptica política e histórica.

Quer valer, portanto, como unha imaxe fixa actual reflexo dunha constante diacrónica e diafásica, isto é, do desequilibrio de dúas linguas en contacto onde unha vai perdendo paulatinamente en favor da outra de dominio, facendo especial fincapé e como idea central a denunciar, o feito de que esa lingua mingunte até case a posíbel desaparición é a propia deste noso territorio.

É por todo iso que demos o paso en nos estrearmos con esta peza, coa intención de facer pasar uns bos momentos e á vez concienciar sobre o feito presente da lingua.

Sipnose:

A obra versa sobre unha serie de xuízos celestiais co eixo principal na lingua galega. As acusadas e acusados son levados ante un tribunal nas portas do ceo para seren xulgados sobre a súa conducta terrenal coa lingua, nomeadamente do seu maltrato en diferentes aspectos sociais e lingüísticos.

Xénero:


O xénero transversal é a comedia, como ben anuncia o título, aínda que o asunto a tratar nada ten a ver coa risa, podéndose enmarcar no fondo como traxedia con superficie de comedia.



ACC Terra de Outes

O noso grupo de teatro está baixo o paraugas da Asociación Cívico Cultural Terra de Outes, fundada en 2005. Pódese acceder a toda a súa información [aquí](#)

Elenco:



Ana Díaz
Amiga de Diña
Lina



Juan Martínez
San Pedro



Andrea Creo
Anxiño



Manuel Louro
Tramoia, Eliseu




Carlos Outeiral
"Langas". Director
Luci



M.ª Carmen Priegue
"Mare" Diña



Clara Seymour
Anxiño



M.ª José Tomé
Tramoia, Anxo,
Lana



Esperanza Caamaño
"Pancha"
Anxo, Diña, Muller de
Eliseu



Montse Lamas
Lana



Eva Priegue
Anxo




Elvira Fernández
"Viri", Arcanxo



José M. Orodea
Tramoia, Pepe

Equipo técnico:



Ramón Mayo "Hassan"
Efectos sonoros, son



Rodrigo Molinos
"Bolato"
Efectos sonoros, son



Xurxo Mayo
Luces

Cartaz estrea:

sábado
03
febreiro
20:00h

COMEDIA BÍFIDA
de Manuel Núñez Singala

TEATRO AMADOR TERRA DE OUTES

TERRA DE OUTES

Ano 2024:

Para este ano 2024 o Grupo de Teatro da ACC Terra de Outes ten programado varias actuacións con esta obra *Comedia Bífida* en diferentes vilas da comarca. Asimesmo, algunhas representacións para o alumnado de diversos IES e CEIP

Comezaremos, ademáis, cs ensaios de unha nova obra, aínda por decidir.

Contacto:

ACC Terra de Outes

Local do Colexio Emilio Navasqués
C.P. 15239, Outes (A Coruña)
Tlf: 671676845

Grupo de Teatro

Carlos Outeiral 609437908
José Manuel Orodea 639510242

